

**DECRETO DA ALCALDÍA APROBACIÓN CONVOCATORIA E CRITERIOS PARA A SELECCIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL COAS CLAÚSULAS ESPECÍFICAS DE CONTRATO EN PRÁCTICAS, PARA PRESTAR SERVIZOS NO CONCELLO DE PONTEAREAS A TRAVÉS DO PROGRAMA DO FOMENTO DA EMPREGABILIDADE NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA “O TEU PRIMEIRO EMPREGO”. PUBLICADO O MÉRCORES 19 DE XUÑO DE 2020 NO BOPPO NUMERO 117.**

Vistas as Bases do Programa de Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra “O TEU PRIMEIRO EMPREGO” nos concellos 2020, publicadas no BOPPO n.º 117 de 19 de xuño de 2020, no que se indica que o proceso de selección consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego.

Visto informe do asesor xurídico de data 14 de setembro de 2020.

Visto informe da Interventora Municipal , así como RC, de data 14 de setembro de 2020.

Vistos os criterios de selección que obran no expediente 4001/2020 polos que se establecen as normas para a procedemento de selección a empregos temporais do Concello de Ponteareas, ao abeiro do Programa e Bases de Fomento da Empregabilidade na Provincia de Pontevedra “O Teu Primeiro Emprego” para o ano 2020, publicadas o 19 de xuño de 2020 no BOPPO número 117, ao amparo da Resolución da Deputación de Pontevedra de data 28/08/2020 pola que se lle concede ao Concello de Ponteareas 4 licenciados/as ou Graos para a obra ou servizo” MEMORIA O TEU PRIMEIRO EMPREGO, que de seguido se relacionan:

**“CRITERIOS DE SELECCIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS DA SUBVENCIÓN PARA A CONTRATACIÓN EN PRÁCTICAS DE 4 PERSOAS TITULADAS UNIVERSITARIAS NO CONCELLO DE PONTEAREAS. (2 Licenciado/a-Grado en Economía, 1 Licenciado/a-Grao en Dereito, 1 Diplomado/a-Grao en Relacións Laborais-Relacións Laborais e Recursos Humanos.)**

Os candidatos remitidos polo Servizo Público de Emprego para a selección de persoal, nas categorías de: Licenciatura/Grao de Economía, Grao en Dereito/Licenciatura en Dereito e Diplomatura/Grao en Relacións Laborais/Relacións Laborais e Recursos Humanos, unha vez rematado o proceso selectivo, formalizarase contrato en prácticas, a tempo completo, por un período inicial de 6 meses prorrogable, para prestar servizos no Concello de Ponteareas, a través do Programa e Bases de Fomento da Empregabilidade na provincia de Pontevedra “O Teu Primeiro Emprego”, publicado o 19 de xuño de 2020, no BOPPO nº 117,

As funcións a realizar en cada posto de traballo, son as descritas na Memoria que consta no expediente de Gestiona nº 4001/2020, “Programa o teu primeiro emprego 2020”.

## **1. REQUISITOS MÍNIMOS DOS ASPIRANTES**

1.1. Os requisitos que a continuación se enumeran serán imprescindibles para o acceso ás prazas:

- a) Ser español ou nacional de algún Estado membro da Unión Europea, ou ser o seu cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito ou ser descendentes dos primeiros



ou do cónxuxe, sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores dependentes, ou ser persoas incluídas no ámbito de aplicación dos Tratados Internacionais celebrados pola comunidade europea e ratificados por España nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos do Art. 57.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, así como aqueles estranxeiros con residencia legal en España e posúan o dereito de acceso sen limitación o mercado laboral.

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas, polo que non se deberá padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.

c) Ter cumpridos dezaseis anos, e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para acceso a corpos ou escalas de funcionarios ou para exercer funcións similares as que desempeñaban no caso de persoal laboral. No caso de ser nacional de outro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos o acceso a función pública.

e) Non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.

f) Ser desempleado inscrito no Servizo Público de Emprego de Galicia como demandante ou en mellora de emprego e estar dispoñible para o emprego, estes requisitos deberán cumprirse tanto no momento da selección como no da formalización do contrato de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos de prácticas, segundo o artigo 14 ao abeiro das Bases de Fomento da Empregabilidade na Provincia De Pontevedra “O Teu Primeiro Emprego”

g) Ter algunhas das seguintes titulacións de Grao ou equivalente.

Licenciatura/Grao de Economía

Licenciatura en Dereito/Grao en Dereito

Diplomatura/Grao en Relacións Laborais/Relacións Laborais e Recursos Humanos

h) Que no momento da contratación non transcorresen máis de cinco anos, ou máis de sete cando o contrato se realice cunha persoa con discapacidade, desde a terminación dos correspondentes estudos.

i) Que non teñan experiencia laboral previa na titulación obxecto do contrato (nos grupos de cotización 1 ou 2 para titulacións universitarias e nos grupos 3 ou 5 para



ciclos superiores) ou non estivesen dadas de alta como persoa autónoma en actividades relacionadas coa titulación, por un tempo superior a 6 meses ou 182 días.

- j) Que non estivesen contratadas ou contratados en prácticas por un tempo superior a 6 meses nin estean contratadas ou contratados en prácticas no momento da selección (que se inicia coa presentación da correspondente oferta no SEPE) nalgún dos programas de “O teu primeiro emprego”.

1.2. Todos os requisitos esixidos no apartado anterior deberán posuílos as persoas aspirantes o día en que remate o prazo para presentar as solicitudes e conservalos, polo menos, ata a data en que se formalice o nomeamento ou a contratación.

1.3. Para acreditar o establecido nos puntos h, i e j do apartado 1.1. deberá aportarse informe de Vida Laboral actualizada no momento da selección.

## 2. PUBLICIDADE

Aos efectos de maior publicidade, os presentes criterios serán publicados na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal), e no taboleiro electrónico do Concello

## 3. PROCEDEMENTO SELECTIVO

O proceso de selección, de acordo co establecido no punto 3 do Anexo V, das bases que regulan o programa “ O teu primeiro emprego”, consistirá na valoración dos méritos acreditados polas persoas preseleccionadas polo Servizo Público de Emprego, que deberán presentar o día que sexan convocados, así como vida laboral actualizada, e levarase a cabo conforme aos seguintes criterios:

a) Expediente académico: ata un máximo de 4,00 puntos, segundo a nota media calculada para as titulacións universitarias polo Real decreto 1125/2003, de 5 de setembro, e para os ciclos de formación profesional polo Real decreto. 1147/2011, de 29 de xullo. No caso de que a media dalgunha das titulacións convocadas non fose calculada polas normas referidas ou esta non se especifique valorarase con 0,00 puntos.

b) Por ter un doutoramento relacionado co contido da bolsa: 2,00 puntos.

c) Por cada título oficial de máster universitario ou título propio da universidade de máster relacionado co contido da bolsa: 0,50 puntos cada un, ata un máximo de 1 punto.

d) Por posuír unha titulación académica oficial distinta e relacionada co posto de traballo que se vai ocupar, de nivel igual ou superior á esixida para a formalización do contrato en prácticas: 0,50 puntos por título, ata un máximo de 1 punto (neste apartado non se terán en conta as titulacións de nivel inferior que sexan necesarias para a obtención doutras de nivel superior nin as de máster ou doutoramento).

e) Por asistir a cursos de especialización, formación e perfeccionamento organizados por centros oficiais dependentes da Administración do Estado, da comunidade autónoma ou da Administración local, universidades, colexios oficiais ou escolas da Administración pública directamente relacionados co posto que se vai ocupar (incluídos os organizados por sindicatos



no marco do Acordo nacional de formación continua): ata un máximo de 2 puntos, que se computarán do seguinte xeito:

- a) De máis de 150 horas duración: 0,30 puntos por curso
- b) De entre 100 e 150 horas de duración: 0,25 puntos por curso
- c) De entre 60 e 99 horas de duración: 0,20 puntos por curso
- d) De entre 30 e 59 horas de duración: 0,15 puntos por curso
- e) De entre 10 e 29 horas de duración: 0,10 puntos por curso

Non se terán en conta os certificados ou diplomas nos que non se especifique a duración do curso en número de horas ou créditos.

Tampouco se computarán as xornadas, congresos, seminarios ou cursos de duración inferior a dez horas.

O tribunal cualificador poderá requiririlles ás persoas aspirantes que acrediten a verificación dos extremos recollidos na documentación presentada, ademais de cantas precisións estimen oportunas.

As persoas candidatas que accedan con titulacións de Licenciatura, Arquitectura ou Enxeñería (títulos pre-Boloña) que teñan un certificado da súa correspondencia co nivel 3 MECES (Marco español de cualificación para a educación superior) terán unha puntuación de 0,50 puntos, equivalente a un máster universitario. O enlace á web do Ministerio onde se publica o catálogo de titulacións homologadas ao nivel de máster é o seguinte:

<http://www.culturaydeporte.gob.es/servicios-al-ciudadano-mecd/catalogo/educacion/gestionitulos/estudios-universitarios/titulos-espanoles/202058.html>

Nesta fase só se terán en conta os méritos que se xustifiquen documentalmente no día e na hora que sinala o concello.

As puntuacións outorgadas publicaranse na páxina web do concello ou no taboleiro de anuncios da casa consistorial.

No caso de empate entre as puntuacións das persoas aspirantes a orde de prelación determinarase dándolle preferencia á muller naqueles casos en que se produza una infrarrepresentación do sexo feminino, nos termos establecidos no artigo 49 do Decreto legislativo 2/2015, de 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade. No caso de que o citado precepto non resulte aplicable ou persista o empate tras a súa aplicación, resolverase o empate en función da nota media global do expediente académico e, de persistir este, pola puntuación acadada nos seguintes apartados.

No taboleiro de electrónico do concello e na páxina web [www.ponteareas.gal](http://www.ponteareas.gal) publicaranse as puntuacións outorgadas, xunto coa relación de candidaturas seleccionadas por orde



decrecente para cada unha das titulacións ofertadas, e indicaranse as persoas candidatas seleccionadas e as correspondentes suplentes.

#### **4. COMISIÓN SELECCIONADORA - TRIBUNAL.**

O tribunal de selección será nomeado pola Xunta de Goberno ou Decreto de Alcaldía, e estará integrado por cinco membros titulares e cinco suplentes, funcionarios do Concello de Ponteareas ou doutras Administracións, sendo a súa composición a seguinte: Presidente, Secretario e 3 vogais, segundo o disposto no artigo 4 e) e f) do Real Decreto 896/91, do 7 de xuño, así como artigo 60 Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e artigo 36 da Lei 7/2004, para a igualdade de mulleres e homes.

En caso de ausencia do presidente/a titular e do presidente/a suplente ou secretario/a titular ou secretario/a suplente actuará no seu lugar o vogal designado en primeira orde e así sucesivamente, e sempre que exista quórum para a súa celebración.

O tribunal, previo nomeamento por Resolución de Alcaldía, poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, con voz e sen voto, cando as circunstancias así o aconselle, limitándose os mencionados asesores a prestar colaboración nas súas especialidades técnicas.

#### **5.- CUALIFICACIÓN FINAL.**

A cualificación final do proceso selectivo virá determinada pola suma das puntuacións obtidas na valoración de méritos.

Determinando a orde de cualificación definitiva polo Tribunal, farase pública a lista de aspirantes que superaron o proceso selectivo no taboleiro de anuncios de Concello e na páxina web municipal, indicando a cualificación total obtida por cada aspirante, ordenadas de maior a menor puntuación total.

#### **6.- RÉXIME DE RECURSOS**

Contra este acto de aprobación de criterios de selección, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes, ou ben directamente recurso Contencioso-Administrativo ante o Xulgado do Contencioso -Administrativo de Pontevedra, no prazo de 2 meses.

Contra o acordo do tribunal de lista definitiva de puntuacións que dé remate ao proceso selectivo, poderase interpoñer recurso de alzada ante o Sr/a. Alcalde/sa no prazo dun mes, a partir do día seguinte a súa publicación no taboleiro de anuncios do Concello, de acordo co establecido no artigo 121 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.



Contra os actos de trámite do tribunal que non decidan directa o indirectamente no fondo do asunto, poderán ser alegados polos interesados para a súa consideración na resolución que poña fin o procedemento do proceso selectivo.

Os actos administrativos que deriven destes criterios de selección e as actuacións dos tribunais, poderán ser impugnados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A Administración local tamén poderá, no seu caso, revisar as resolucións dos tribunais segundo o previsto na citada Lei 39/2015, de 1 de outubro.

O Tribunal queda facultado para resolver as dúbidas que se presenten e adoptar as decisións precisas para o normal desenvolvemento do proceso ao amparo da lexislación vixente.

Con fundamento no exposto con anterioridade e en uso das atribucións que me confire o e o artigo 21.1.g da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

#### **RESOLVO:**

-1.- Aprobar os criterio de selección que regularán o proceso de selección das persoas beneficiarias da subvención para a contratación en prácticas de titulados/as universitarios/as e de formación profesional no Concello de Ponteareas. (2 Licenciado/a-Grado en Economía, 1 Licenciado/a-Grao en Dereito, 1 Diplomado/a-Grao en Relacións Laborais-Relacións Laborais e Recursos Humanos), ao abeiro do Programa “O teu primeiro Emprego nos Concellos 2020”

2.- Remitir as ofertas ao Servizo Público de Emprego

3.- Ordenar a publicación da presente convocatoria, criterios de selección no taboleiro de anuncios dixital e na páxina web do Concello ([www.ponteareas.es](http://www.ponteareas.es)).

Mándoo e asino en Ponteareas, á data que consta á marxe.

